

Infancia bucólica

O *xardín do pasatempo* vén pechar cunha chiscadela á infancia, a eses días en que o feito máis insignificante pode transformarse no máis increíble e marabilloso, a dilatada obra do ensaísta, narrador, crítico e estudoso, mais sobre todo poeta, Ramiro Fonte. Un dos máis grandes e recoñecidos autores contemporáneos, inserido na xeración dos 80, malia as peculiaridades realistas e populares que o afastaban deste grupo, falecido en Barcelona hai apenas tres meses. autor de *Pontedeume*, que levou a poesía a todos os xéneros que practicou, volve con este poemario, publicado agora de xeito póstumo, á infancia bucólica e costumista na súa vila. Inspírase no *Pasatempo* de Betanzos para nos amosar un xardín onde caben todas as persoas do planeta, todos os animais, conceptos e, sobre todo, as palabras e os xogos que estas conseguen. Xogos que mesturan a realidade co maxín, co fantástico, que serven para inserir nun lugar real todo o que ten de fermoso o mundo; o suceso cotián adobiado coa súa arte poética convértese na máis memorable experiencia, no máis sincero e auténtico sentimento

Xardíns na memoria



PAULA FERNÁNDEZ



recreado as máis das veces con inocentes mais elaboradas imaxes.

O poemario que se artella en sete partes, xira arredor do núcleo que constitúen as propias vivencias do autor e representa

tamén o seu propio sentir apegado sempre á literatura polo que, aínda que se trate dunha obra dirixida a lectores e lectoras de dez anos en adiante, a carga literaria é grande e de calidade –co-

mo non podería ser doutro

xeito dado o dominio de Ramiro Fonte da arte poética. E así, dende a coidada estrutura métrica até a introdución precisa e profusa de toda sorte de recursos, amósase fiel a un ideario que o acompañou toda a vida como escritor mais tamén como gran lector.

Fánseme estes poemas imprescindibles pola súa carga cultural e as súas propiedades poéticas mais tamén por todo o que hai de humano neles; polos valores que evocan, sinxelos e puros, e as emocións que provocan, sinceras e intensas como as que só se viven na infancia. Aspectos estes entendibles grazas á mestría de quen anovou e revolucionou a poesía en Galicia e que volven pór de manifesto a enorme perda que veñen de sufrir as nosas letras.

FONTE, Ramiro, Xardín do pasatempo, Ed. Tambre, Vigo, 2008, 113 páxinas.